

As matemáticas dos Simpson (II)

GASPAR M. ANTELO BERNÁRDEZ

Matemáticas na 7.^a arte

Nesta segunda ocasión seguiremos co repaso das tempadas da coñecida serie “Os Simpson”, concretamente da novena á decimo sexta, aínda que das dúas últimas non aparecerá ningún comentario xa que non se atopan escenas de demasiado interese.

Como comentaba na primeira ocasión, podemos atopar diferentes aspectos da nosa materia, de xeito superficial en moitas ocasións e noutras non tanto, o que fai desta serie un interesante recurso de motivación de cara ao noso alumnado. Animo, pois, a todos os que desexen dar un cambio metodolóxico no xeito de impartir as clases, a que tenten traballar os contidos empregando, cando sexa posible, algunha das escenas que máis abaixo comento. Lembrar, como xa comentaba no anterior artigo, que os capítulos están clasificados por temas e é traballo do profesor asignalos a un curso determinado segundo o interese que creamos que poden ter. Ao mesmo tempo, cando os programemos na aula, debemos ter en conta varias consideracións: o momento para poñelo, a súa duración, a pertinencia, a súa secuenciación ao longo do curso, etc. Procuraremos que nos sirva como pretexto para realizar algunha actividade relacionada e non simplemente como unha mera distracción. Cando os proxectemos, non deberemos cinguirnos estritamente á parte matemática, senón que, esta, tenteremos que estea dentro dunha secuencia completa para que o alumno poida entender o seu contexto, e, a ser posible, deixando a parte graciosa que habitualmente aparece.

Desa maneira mellorará o interese e a predisposición do alumno ante unha posterior tarefa relacionada co visto. Pasemos xa a percorrer os diferentes capítulos. En cada un indicárase brevemente o que acontece no mesmo dende un plano matemático e o momento aproximado no que se produce.

Cada capítulo estará indicado cun nome do tipo:

OS–10x22–*Salvaron o cerebro de Lisa*–corte3

Nel aparece OS como abreviatura da serie, seguidamente dous números que indican a tempada e o capítulo, así como o seu título.

1.- OS–09x03–*O saxo de Lisa*–corte1

09:55 Lisa di que ten 3 anos e $\frac{3}{8}$.

Tema: Fraccións.



2.- OS–09x03–*O saxo de Lisa*–corte2

10:55 Nunha escola cantan os díxitos de π .

Tema: Xeometría.



3.- OS–09x17–*Lisa, a Simpson*–corte1

00:50 Aparece un pictograma cunha serie numérica.


Tema: Series adiviña.



4.- OS–09x17–*Lisa, a Simpson*–corte2

20:30 Solúciónase o pictograma.

Tema: Series adiviña, solución.



5.- OS–09x18–*O pequeno Wiggy*–corte01a

00:12 A profesora pídelle ao alumnado que calculen 8×7 coa calculadora.

Tema: Enteiros.



6.- OS-09x18- *O pequeno Wiggy* - corte01b

01:05 No encerado aparece $3 = (\frac{L}{B} + \frac{M}{B} + \frac{C}{B}) \cdot 0 + 3$.

Tema: Ecuacións e fórmulas.



7.- OS-10x01- *O mago de Evergreen Terrace* - corte01a

11:10 O profesor Frink dálle a Homer libros, entre eles de mate e termodinámica. Falan de Ln.


Tema: Logaritmos.



8.- OS-10x01- *O mago de Evergreen Terrace* - corte01b

11:59 Vese un encerado con interesantes fórmulas, teorema de Fermat e topoloxía.

Tema: Ecuacións e fórmulas.



9.- OS-10x06- *Lisa obtén unha matrícula* - corte1

03:30 Nun supermercado, Homer tenta empregar unha sinxela regra de 3 para mercar unha lagosta.

Tema: Regra de 3.



10.- OS-10x06- *Lisa obtén unha matrícula* - corte2

12:30 Nelson ten as respostas do exame de mate, numeradores e denominadores.

Tema: Fraccións.



11.- OS-10x10- *Os Barts salvaxes non poden romperse*

18:00 O profesor Frink fala de vectores, modulación, amplitude, concavidade.

Tema: Funcións.



12.- OS-10x22-*Salvaron o cerebro de Lisa*-corte1

07:45 Falan do club Mensa.
Tema: Varios.



13.- OS-10x22-*Salvaron o cerebro de Lisa*-corte2

15:55 Cambio do sistema horario de 12 horas a sistema decimal.
Tema: Medidas de tempo.




14.- OS-10x22-*Salvaron o cerebro de Lisa*-corte3

07:45 Stephen Hawking fala dun universo con forma de rosquilla.
Tema: Xeometría.




15.- OS-11x02-*A axudiña do irmán*

04:15 O director Skinner dille aos pais de Bart que é moi traste e ignorante mostrándolle un mapa en 3D.
Tema: Xeometría.



16.- OS-12x09-*HOMR*-corte01a

13:05 Homer montando cubos Rubik, máis tarde demostra matematicamente que Deus non existe.
Tema: Varios.



17.- OS-12x09-*HOMR*-corte01b

16:50 Lisa fai un gráfico co que indica que, a miúdo, a máis intelixencia menos felicidade.
Tema: Funcións.



18.- OS–12x16–*Ata loguiño “cerebrito”*

Lisa inventa un repelente para abusóns.

Tema: Varios.



19.- OS–12x16–*Ata loguiño “cerebrito”*–corte1

11:30 Lisa pregunta por que a toman sempre cos máis listos e Nelson dille que é como preguntar cal é a raíz de 1.000.000, ninguén ten a resposta.

Tema: Raíces.



20.- OS–12x16–*Ata loguiño “cerebrito”*–corte2

17:35 O profesor Frink di que π é 3 para chamar a atención.

Tema: Xeometría.



21.- OS–14x08–*Edna especial*–corte1

02:50 Bart ve un libro de álgebra e quere facer un par de ecuacións.

Tema: Varios, ecuacións.



22.- OS–14x08–*Edna especial*–corte2

19:10 O premio ao mellor profesor do ano é para un profesor de matemáticas que ensina ecuacións diferenciais nun barrio marxinal.

Tema: Varios, ecuacións diferenciais.



23.- OS–14x19–*O meu fiel “cobardica”*

16:50 Duffman dando clase para adultos: se tedes 6 litros de sangue e o voso sangue un 80% de alcohol, canto alcohol levades dentro?

Tema: Porcentaxes.



Como nas anteriores, o número de cortes que se poden aproveitar para o seu emprego na aula é bastante amplo e confío en que poidades facelo da mellor maneira posible.

Ata a próxima

Referencias en liña

[1] Dr. S. J. Greenwald, Dr. A. Nestler, *Simpsonsmath*, <http://simpsonsmath.com>

Gaspar M. Antelo Bernárdez
CPR Sagrado Corazón de Placeres - Pontevedra
<ticgaspar@yahoo.es>

Nota legal: The Simpsons® e The Simpsons© son propiedade de Twentieth Century Fox. Este artigo é exclusivamente para uso educativo. As imaxes destas páxinas foron sacadas de episodios de The Simpsons que son propiedade de Twentieth Century Fox. O autor do artigo non se beneficia economicamente das imaxes.